



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1

Teléfono: 981 77 00 11

Fax: 981 77 65 29

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BETANZOS E CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE BETANZOS PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DURANTE O 2017

Betanzos, 19 de Octubre de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don José Ramón García Vázquez, DNI núm. 76315755F, alcalde do Concello de Betanzos, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Darío Amor Edreira, con D.N.I. nº. 33152710G, na súa calidade de Presidente de Cáritas Interparroquial de Betanzos, con CIF R1500053B con domicilio nesta Cidade, Rúa Tomás Dapena, 4 baixo, en nome e representación da dita entidade.

MANIFESTAN

- I. Que o Concello de Betanzos, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pode conceder de forma directa, as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.
- II. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.
- III. Que o obxectivo deste convenio é colaborar con Cáritas Interparroquial de Betanzos, para o mantemento dos servizos e actividades a desenvolver.
- IV. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que



poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a concesión dunha subvención por parte do Concello de Betanzos a Cáritas Interparroquial de Betanzos, para o financiamento das seguintes actividades:

- Servizo de atención primaria para persoas e familias en demanda de axuda pola situación de carencia das necesidades máis básicas, ao atoparse en situacións de pobreza e exclusión social.
- Servizo de roupeiro, dirixido a persoas e familias sen recursos para facilitarlles roupa, calzado. Mobles, electrodomésticos, xoguets, libros e materiais de primeira necesidade.
- Banco de alimentos, no que se lles entregan ás familias necesitadas paquetes de alimentos de primeira necesidade unha vez á semana.
- Apoio psicosocial para mellorar a calidade de vida e benestar das persoas e das familias.
- Apoio escolar por parte de voluntarios que imparten clases de apoio aos escolares necesitados.
- Cursos básicos de informática dirixidos ás persoas máis necesitadas.
- Bolsa de traballo mediante un servizo de Orientación Laboral para a busca activa de emprego.
- Programa de micro-créditos, mediante préstamos en efectivo sen xuros nin prazo.
- Axudas de emerxencia para satisfacer necesidades básicas das familias máis necesitadas (alugueiros, luz, auga,...)
- Outras actividades como atención a penados, transeúntes, colectas, voluntariado, etc...

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Betanzos comprométese a destinar a cantidade máxima de 5.500,00 euros no orzamento do ano 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 231.482.00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos



que orixine a realización das actividades sinaladas no proxecto presentado por Cáritas Interparroquial de Betanzos

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 5.500,00 euros, que se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2017.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- e) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- f) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (art. 10.2 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



g) Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Levar a cabo a totalidade das actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- b) Lucir o logotipo do Concello de Betanzos e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- c) Cáritas Interparroquial de Betanzos asume as obrigas derivadas da promoción e dinamización das actividades.
- d) Cumprir coas obrigas que se establecen nas bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.

SÉPTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento do importe total do convenio pagarase no momento no que se xustifique debidamente o cumprimento total da finalidade do presente convenio.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo no prazo de tres meses desde que finalice a actividade que se subvenciona e como máximo o 30 de decembro de 2017.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:



a) Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades. Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Betanzos en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD's, etc).

b) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.

c) Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.

d) Orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas). Así como xuntar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.

e) Declaración xurada ou certificacións (artigo 24 RXLS) de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que levará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo do órgano competente acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda



e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre do mesmo. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Betanzos polo/a concelleiro/a delegado/a da área quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

1. Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2. Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

UNDÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIONES

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

DUODÉCIMA. NATUREZA



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1

Teléfono: 981 77 00 11

Fax: 981 77 65 29

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase suplementariamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as Bases de execución do orzamento do ano 2017.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde



Asdo.: José Ramón García Vázquez

O representante do ente beneficiario

Asdo.: Darío Amor Edreira